

# **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ao longo da avaliación realizaránse diferentes probas e exercicios en formas diversas para avaliar os contidos (exercicios temáticos, probas de grupo, test, concursos). Cada un destes exercicios será puntuado cunha nota do 1 ao 10. Os exercicios pódense entregar en papel de maneira presencial ou por vía telemática.

Unha actitude positiva dentro de aula (atención, curiosidade, interese, realización de preguntas e exercicios, participación nos grupos) poderase entender como un intento máis cara á comprensión dos contidos, polo que será unha cualificación moi positiva a ter en conta.

Do mesmo xeito, unha actitude negativa dentro da aula, reflexará unha avaliación negativa, por entender un desinterese non só cara ós contidos senon que é tamén una falta do dereito de formación dos seus compañeiros/as, aínda que os contidos da mesma estiveran superados suficientemente.

Si un alumno/a recibe tres chamadas de atención na aula polo seu mal comportamento ou actitude negativa cara a asignatura ou na aula comportará un 0 na nota de actitude e interese.

Coidado de todo o material que se emprega na aula, libros, cadernos, apuntamentos.

Con todos estes datos formarase a nota media do alumno que dará lugar a súa nota final.

- *Cada avaliación puntuarase de 1 a 10.*
- *A avaliación será continua.*

## **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:**

- \* Observación da actitude do/a alumno/a na aula para descubrir se ten un proceso de aprendizaxe correcto e axeitado.
- \* Realización de exercicios sobre cada tema que sexa explicado na aula.
- \* Realización de traballos, ben en grupo, ben de forma individual, en diferentes formatos, para descubrir á súa capacidade de síntese, atención, potenciación da memoria, etc.
- \* Realización de diferentes actividades na aula que permitan ó alumnado asimilar os diferentes contidos: lectura, realización de esquemas e resúmenes, debuxos, elaboración de relatos.

## **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:**

Á hora de avaliar se terán en conta os seguintes criterios:

***A ASISTENCIA SERÁ OBRIGATORIA TANTO NA ESO COMA NO BACHARELATO PARA PODER SUPERAR A MATERIA.***

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificadas cunha nota numérica enteira, a cualificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

A nota do alumnado calcularase segundo os parámetros seguintes:

### **1. TRABALLO PERSOAL DO ALUMNADO**

No aula o alumnado traballa facendo fichas, tomando apuntamentos na súa libreta, lendo as leccións. Supón ata un máximo do 35% da nota.

### **2. PARTICIPACIÓN NA AULA**

Preguntas e/ou respostas, aclaracións, suxerencias oportunas ao profesor e compañeiros. Supón outro máximo de 10% na nota.

### **3. EXAMES CONVENCIONAIS**

Exercicios escritos e traballos sobre os contidos estudados. Supón ata un 35% da nota.

### **4. COMPORTAMENTO E ACTITUDE**

Supón ata un 20 % da nota.

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Se algún alumno/a suspende máis dunha avaliación deberá facer unha proba escrita final global, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor.

Se algún alumno/a está enfermo/a, entregará a debida xustificación médica e aplicaráselle as medidas do ensino non presencial, facendo no seu lugar traballos a través do correo electrónico ou da Aula Virtual.

Para o alumnado que non promocionen en xuño, haberá unha proba antes do 21 de dito mes á que se lle aplicarán os criterios mencionados anteriormente.